

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONX11IH	<i>Expediente</i> CON/100/2013	

ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de reparación e adaptación á normativa vixente das áreas de xogo infantís e dos circuitos biosaudables do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 103.308 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Servizo de Contratación do Concello de Santiago, 7 de marzo de 2014, ás 8:45 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D^a. María Pardo Valdés

Vocales:
D. Juan de la Fuente representante do grupo PP
D. Bernardino Rama representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela representante do grupo BNG.
D. José Antonio Mosquera, xefe do departamento de Parques e Xardíns.
D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor Municipal
D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: Dna. Rocío Montañés Fernández, Xefe de Servizo de Contratación e Servizos Comunitarios.

Na reunión da mesa de contratación celebrada o día 5 de marzo acordarase que se reformulara o Informe realizado polo xefe do departamento de parques e xardíns incorporando unha conclusión do seu análise en forma de proposta de resolución, sendo votada e aceptada nesta reunión.

Da análise do referido informe despréndese que as ofertas presentadas polas empresas ALVAC, S.A. e ARCE SL non cumpren coas condicións descritas nos pregos, xa que non realizan os traballos para a totalidade das áreas incluídas no Prego técnico: realiza-lo estudio nun total de 67 áreas e face-lo traballo de adaptación á normativa para un total de 52 áreas, ademais das que se propoñan como mellora.

Quen acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador CONTENUR S.L.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**


PRIMEIRO: Excluir da licitación á empresa ANCORA HISPANIA, SL toda vez que non acredita suficientemente a súa solvencia económica para participar no procedemento.

SEGUNDO.- Excluir as empresas ALVAC, S.A. e ARCE SL ó non cumprir coas condicións descritas nos pregos.

TERCEIRO: Trasladar á concelleira delegada de Contratación o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador CONTENUR, S.L., que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 89.058,62 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requerimento, xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA

